

A ter en conta:

Nas actividades marcadas cun asterisco (*), o prazo de inscrición estará aberto do 6 ao 20 de abril ou ata cubrir a oferta de prazas. As prazas cubriranse sempre por rigorosa orde de solicitude, tendo preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra.

A cota a pagar deberá facerse efectiva dentro do prazo de inscrición; as persoas non empadroadas en Outeiro de Rei terán que aboar as seguintes cotas a maiores da establecida: cursos de 2 meses, 10 € e cursos de 3 a 4 meses, 20 €. Non se reintegrará o importe das cotas salvo que a actividade se suspenda a iniciativa do Concello.


As actividades previstas para mulleres nas que non se cubran as prazas ofertadas poderán ser cubertas por homes. Tres faltas de asistencia inxustificadas en actividades con lista de espera dará lugar a causar baixa na actividade.

Para as actividades on line será preciso ter acceso a internet (preferiblemente a través de PC) e unha conta de correo electrónico.

Nos cursos de novas tecnoloxías, as persoas interesadas poderán realizar a totalidade da formación proposta para cada un deles ou parte; non obstante, a cota de inscrición será a mesma con independencia do número de actividades que se soliciten.

É obrigatorio o uso da máscara en todas as actividades. O Concello porá a disposición d@s participantes xel hidroalcohólico en todos os locais que haberá que botar á entrada da actividade.

A celebración da totalidade das actividades previstas ou a posible modificación das mesmas, queda supeditada á demanda que exista ou imprevistos que poidan xurdir.

 **982 393 408**

www.outeiroderei.org



Promove e organiza: **CONCELLO
DE
OUTEIRO DE REI**



**ACTIVIDADES DE
PROMOCIÓN DA MULLER**

**ANO
2021**





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER

ANO 2021

FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS (I)* *On line* ♀

Banca electrónica (4 h); sinatura electrónica (3 h); declaración da renda (3 h); comercio electrónico (4 h); ciberseguridade (4 h).

Duración: **Do 21/04/2021 ao 20/05/2021**
 Horario: **MÉRCORES e XOVES, de 20:00 h a 21:30/22:00 h (dependendo da actividade)**
 N° prazas: **30**
 Cota: **15 €**

HABILIDADES DIXITAIS PARA A BUSCA DE EMPREGO* *On line* ♀♂

Competencias dixitais máis demandadas no mercado; portais e redes para a busca de emprego, Google Suite...

Duración: **Do 08/05/2021 ao 05/06/2021**
 Horario: **SÁBADOS, de 10:00 h a 14:00 h**
 N° prazas: **30**
 Cota: **GRATUÍTA**

ACTIVIDADE FÍSICA AO AIRE LIBRE* ♀

Duración: **Do 15/06/2021 ao 30/09/2021**
 Horario: **MARTES E XOVES, de 17:00 h a 18:00 h**
 N° prazas: **20**
 Lugar: **CAMPO DE STA. ISABEL (en caso de mal tempo, pista polideportiva do CEIP Laverde Ruíz)**
 Cota: **GRATUÍTA**



FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS (II)* *On line* ♀

Citas médicas e en organismos oficiais (2 h); seguridade en internet e no móbil (4 h); aplicacións para móbiles (4 h); videochamadas [Zoom, Skype...](4 h); sacamos proveito á tablet (4 h).

Duración: **Do 30/09/2021 ao 28/10/2021**
 Horario: **MÉRCORES e XOVES, de 20:00 h a 21:30/22:00 h (dependendo da actividade)**
 N° prazas: **30**
 Cota: **15 €**

PRODUTOS DE LIMPEZA ECOLÓXICOS *On line* ♀♂

Duración: **Do 18 ao 25 de outubro de 2021**
 Horario: **LUNS, de 17:00 h a 19:00 h**
 N° prazas: **25**
 Cota: **5 €**

FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS (III) *On line* ♀

Dixitalización de documentos (2 h); retoque de imaxes (fotográficas ou dixitalizadas) (6 h); apps que fan a vida máis doada (Bizum, Evernote, Google Keep e códigos QR) (4 h); Whatsapp, Telegram... (3 h); ciberseguridade (4 h).

Duración: **Do 10/11/2021 ao 16/12/2021**
 Horario: **MÉRCORES e XOVES, de 20:00 h a 21:30/22:00 h (dependendo da actividade)**
 N° prazas: **30**
 Cota: **15 €**

25 DE NOVEMBRO, Día Internacional contra a Violencia de Xénero ♀♂

Charla: **Prevención da violencia de xénero e da discriminación contra a muller**
 Horario: **XOVES, ás 17:00 h**
 Lugar: **Salón de Actos da CASA DA CULTURA**